

## O seminario internacional Camiño de Santiago e Europa destaca o rol da ruta peregrinación como vehículo da cultura europea

- A actividade académica enmárcase dentro do programa de actividades deseñado pola Xunta de Galicia para conmemorar o XXX aniversario da declaración do Camiño como primeiro Itinerario Cultural Europeo
- O seminario está organizado pola Cátedra do Camiño de Santiago e das Peregrinacións da Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración co Grupo Compostela de Universidades

**Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2017** – O seminario internacional Camiño de Santiago e Europa, inaugurado hoxe no Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela, analizará a pegada da ruta de peregrinación na cultura e construción europea. Durante os próximos dous días, máis de 50 expertos e estudantes internacionais participarán en relatorios e debates nos que se abordarán os aspectos xurídicos, sociais e culturais do Camiño.

Na inauguración do seminario, a directora da Axencia Galega de Turismo, Nava Castro Domínguez, explicou que o seminario constitúe unha oportunidade para *“facer memoria”* dun dos *“símbolos máis universais”* de Galicia e *“repasar o proceso de construción da súa identidade”*. En referencia ao programa académico, a secretaria executiva do Grupo Compostela de Universidades, María Teresa Carballeira Rivera, salientou que nel participarán os principais *“persoeiros relacionados coa elevación deste patrimonio a nivel global”*.

Pola súa banda, o concelleiro responsable da Área de Espazos Cidadáns de Santiago de Compostela, Jorge Duarte Vázquez, destacou a importancia de *“involucrar a todas as Administracións na preservación”* do Camiño e *“a necesidade de facer ver aos cidadáns”* a relevancia da conservación deste patrimonio. Mentres que a vicerreitora de Internacionalización da Universidade de Santiago de Compostela, Almudena Hospido Quintana, apelou ao nexo que une á universidade e ruta de peregrinación. *“O espírito do Camiño está presente na nosa actividade cotiá, na que fomentamos a promoción e organización de iniciativas que contribúan ao debate cultural e académico, a través do traballo de recoñecidos investigadores”*, explicou.

### Doazón da contía económica do XXI Premio Internacional Grupo Compostela-Xunta de Galicia

O galardoador co XXI Premio Internacional Grupo Compostela-Xunta de Galicia, Marcelino Oreja Aguirre, e a directora de calidade de Aldeas Infantiles SOS Galicia, Felisa Carrera, asinaron hoxe o acordo de doazón da contía económica (6000 euros) do premio. Carrera agradeceu a xenerosidade e o compromiso do galardoador cos nenos máis vulnerables, manifestado a través da doazón. Ademais, explicou que a mesma lles permitirá seguir coa expansión dos seus programas en Galicia, cos que apoiarán a estes nenos na súa educación e facilitarán a súa integración social e profesional.

No acto da doazón participaron o reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Juan Viaño Rey, o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez; e a secretaria executiva do Grupo Compostela de Universidades, Teresa Carballeira Rivera.

## **Grupo Compostela de Universidades**

O Grupo Compostela de Universidades é unha asociación internacional sen ánimo de lucro, que traballa en prol da colaboración e promove o diálogo en todos os ámbitos da educación superior. O GCU comezou a súa andaina no ano 1994 e dende a súa creación, foi medrando ata unir ao seu camiño a máis de 60 universidades de todo o mundo. Todos os peregrinos do Grupo Compostela de Universidades comparten os valores de cooperación e integración desenvolvidos en torno ao Camiño a Santiago.